



CIRCULAR DE ATENCIÓN DE DÍA

Nº: 4

Data: 11 de marzo de 2009

Asunto: Normas para a tramitación do programa de **ATENCIÓN DE DÍA** en institucións de protección propias e colaboradoras

Ámbito: Servizos centrais, delegacións provinciais e centros de menores propios e colaboradores

1. **CRITERIOS XERAIS**
2. **OBXECTIVOS**
3. **PRESTACIÓNS**
4. **DESTINATARIOS**
5. **COMPROMISOS**
6. **PROPOSTA E RESOLUCIÓN DE ALTA**
7. **SEGUIMIENTO**
8. **TRAMITACIÓN ECONÓMICA**

ANEXOS

- ✓ **Modelo de proposta de actuación**
- ✓ **Modelo de nóminas e facturas**
- ✓ **Prezos e Prazas concertadas**



1. CRITERIOS XERAIS

A Atención de Día é un recurso de apoio a familia e ao neno que se utiliza no marco das medidas adoptadas no exercicio da protección á infancia, tal e como se recolle nos artigos 21 e 23 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia. Ofrécese como alternativa ao internamento xa que permite a permanencia dos menores no seu ámbito familiar, evitando o seu desarraigamento e favorecendo a súa integración social.

Neste sentido, enténdese por atención de día aquela que se lles presta aos nenos e nenas ou adolescentes que permanecen coas súas familias e aos que se lles proporciona un contexto de convivencia durante unha parte do día, que complementa e apoia ao ofrecido pola familia.

O programa se desenvolve nos centros propios ou colaboradores con contrato de xestión de servizos públicos ou convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e comparte similitudes co acollemento residencial diferenciándose deste no obxectivo de apoio a familia cara a preservación da unidade familiar.

2. OBXECTIVOS

- Facilitar a permanencia do neno na súa familia en condicións que promovan a súa axeitada atención e seguridade, axudando aos pais a responder as necesidades evolutivas do neno, maximizando a implicación parental na educación e coidado dos fillos.
- Evitar o internamento cando a problemática familiar non o faga estritamente necesario, garantindo así o dereito do neno a permanecer no seo da súa propia familia.
- Facilitar a integración socio-familiar dos nenos e nenas en acollemento residencial, utilizando este recurso como paso intermedio entre o internamento e o retorno do menor ao seu fogar. A Atención de Día permite evitar a prolongación do internamento e posibilita que o proceso de reunificación familiar poda levarse a cabo de modo gradual.
- Preservar os lazos do neno ou adolescente e da familia á coa comunidade



3. PRESTACIÓNS

Na Atención de Día a intervención familiar cobra especial importancia, polo que tanto as prestacións como os servizos que comprende han de estruturarse en torno a este obxectivo:

As **prestacións** que conleva a Atención de Día son:

- Aloxamento diúrno en instalacións axeitadas.
- Atención en unidades con funcionamento autónomo dun máximo de 20 prazas e que contén, alomenos, coa presenza constante dun educador por unidade.
- Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- Horario de atención mínimo de 8 da mañá a 8 da tarde, aínda que para cada neno ou nena o Equipo Técnico do Menor especificará tanto o contido da Atención como o horario, en función das necesidades familiares.
- Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- Hixiene e educación nos hábitos de saúde.
- Axuda económica para actividades extraescolares como visitas didácticas, material escolar, etc. solo si fose necesario e poidera acreditarse que a familia non pode asumilo.
- Financiamento do transporte de proximidade de ida e volta ao domicilio familiar, sempre que os pais non podan asumir o traslado ao centro.
- Integración do centro na comunidade

Os Servizos técnicos que comprende o programa de atención de Día son:

- Orientación e apoio aos pais na toma de decisións no ámbito escolar.
- Orientación e apoio na atención da saúde dos nenos e nenas por parte das familias
- Animación planificada do tempo libre así como os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, si fora preciso.
- Desenvolvemento dun Programa de educación parental, centrado en promover o mantemento do neno ou nena na súa contorna familiar, a través de accións de orientación educativa, entrenamento na atención e manexo comportamental do neno e apoio social e emocional, dirixidos a mellorar a capacidade das familias e a complementares na educación dos seus fillos.
- Este programa deberá adecuarse as necesidades das familias pero, especialmente, a dos nenos e nenas ou adolescentes, sendo o foco



principal da intervención a garantía de que se oferte a cada un/a deles , o mellor contexto de convivencia e de axuda profesional posible, de xeito que podan acadar un nivel axeitado de benestar, promovendo, sempre a capacitación parental.

- Intensificación das interaccións coa comunidade
- Colaboración co Equipo Técnico do Menor para a normalización da dinámica familiar

4. DESTINATARIOS

- Nenos, nenas e adolescentes procedentes de familias que teñen unha certa dinámica de normalidade, pero que necesiten dun apoio diario e puntual para completar a súa formación e atención . Estes nenos e nenas terán unha idade comprendida entre os 3 e os 18 anos, sendo susceptibles da Atención de día igualmente aqueles de entre 0 e 3 anos cando non podan acceder a unha Escola Infantil.
- Nenos, nenas e adolescentes que convivindo no ámbito familiar, presentan factores de risco de desprotección que farían preciso a medio prazo o seu acollemento residencial. Como recurso alternativo, a Atención de día pode mellorar o seu proceso de integración e normalización sociofamiliar.
- Nenos, nenas e adolescentes acollidos residencialmente nos diferentes centros de protección que a xuízo dos equipos respectivos acaden uns resultados positivos no seu proceso psicolóxico, pedagóxico e socio-familiar, e poiderán pasar do réxime de internamento ao réxime de atención de día, preferentemente no mesmo centro se este dispón de prazas de atención de día ou en seu defecto, noutro centro que oferte esta modalidade de atención.
- Familias, que para o coidado, atención e protección aos seus nenos precisan dun apoio especializado que prevenga a agudización ou cronificación dos problemas ou restaure as funcións familiares disfuncionais.

5. COMPROMISOS.

Os pais, titores ou gardadores comprométense a:

- ♦ Levar e recoller persoalmente ao neno, nena ou adolescente ao centro
- ♦ Interesarse polo desenvolvemento educativo do seu fillo ou filla.



- ◆ Asumir persoalmente aquelas responsabilidade derivadas do exercicio da Patria potestade que se consideran cruciales para o desenvolvemento infantil, como son o control e seguimento da saúde do neno e o seguimento escolar, aínda que requiran o apoio da institución (Asistir a reuniónes periódicas cos profesores dos seus fillos, levalos persoalmente ao pediatra...)
- ◆ Asistir a actividades de educación parental e habilidades de vida familiar programadas e levadas a cabo na Institución que oferta a o Atención de Día.
- ◆ Igualmente os pais ou gardadores darán conta ao Centro prestador da atención diurna de calquera novidade de interese nas circunstancias do neno, nena ou adolescente (enfermidade, situacións familiares relevantes etc)

6. PROPOSTA E RESOLUCIÓN DE ALTA: a xestión de atención de día

- A valoración da aplicación deste recurso correspóndelle ao Equipo Técnico do Menor, logo do estudo da situación socio-familiar, psicolóxica e pedagóxica do menor, así como de calquera outro avaliación que se estime necesario.
- O equipo do menor elevará a proposta de actuación ao delegado provincial, segundo o modelo que figura no ANEXO II.
- Nesta proposta, o equipo técnico do menor reflectirá o Plan de Caso para o neno, nena ou adolescente e a súa familia, xustificando a necesidade desta medida, os obxectivos da actuación, o tempo previsto e a data de revisión do mesmo. Contemplanse, así mesmo, as accións educativas específicas que se levaran a cabo co neno ou nena, así como o horario de atención ao mesmo no centro
- A duración máxima desta medida é de 2 anos, debendo ser revisado o Plan de Caso cada seis meses. De sobrepasar este período de tempo o equipo técnico xustificará a necesidade de ampliálo.
- No caso de nenos, nenas ou adolescentes en acollemento residencial que se propongan para a súa atención en réxime diurno será convinte oír a dirección da institución acerca da conveniencia da medida, das necesidades do menor e características das prazas do centro proposto.
- Para a execución desta medida protectora procurarase preferentemente a ocupación das prazas nos centros propios.



- A xustificación da medida, o Plan do Caso e a temporalidade do recurso deberán volcarse na ACM
- Correspóndelle ao Delegado provincial dictar resolución sobre a medida proposta. Esta resolución será motivada; nela constará a situación legal do menor, a duración da medida, o nome da institución e calquera outra circunstancia relevante e notificarase oportunamente ao Ministerio Fiscal, ao director da institución e aos pais, titores ou gardadores do menor.
- Logo de remitir á dirección da institución a resolución de acollemento residencial en réxime de Atención de Día, procederase ao ingreso do neno no centro. No prazo máximo dos 15 días seguintes ao ingreso, a Delegación provincial remitirá ao centro a seguinte documentación:
 - a) DNI ou NIE
 - b) Fotocopia da partida de nacemento ou do libro de familia.
 - c) Fotocopia da cartilla da seguridade social.
 - d) Fotocopia da cartilla de sanidade infantil.
 - e) Documentación escolar, así como calquera outro documento que se considere oportuno.(certificado de calificación de minusvalía, certificado de residencia etc...)

7. SEGUIMIENTO

- O seguimento da medida correspóndelle ao equipo do menor, para o que se deberán realizar as seguintes actuacións:
 - a) Prestar o apoio necesario á familia do menor co fin de facilitarlle a posibilidade de facerse cargo del, no prazo máis breve posible, se así se considera aconsellable para o seu maior interese.
 - b) Informar, alomenos semestralmente, da situación socio-familiar do menor ás institucións, establecendo reunións de coordinación entre os responsables do neno/a ou adolescente .
 - c) Por parte da institución, remitir á delegación provincial, alomenos cunha periodicidade semestral, informe individualizado sobre a evolución do menor. Sen prexuízo do anterior, enviará os informes



evolutivos daqueles menores que poidan necesitar unha nova orientación no seu proceso.

- O seguimento deste programa efectuarase a través da aplicación informática de actuacións dirixidas ao menor (FM401I) sendo de suma importancia que os datos introducidos nela coincidan fielmente cos datos extraídos das nóminas que elaboran os centros.
- O alta do menor na aplicación ACM anotarase desde o primeiro día que o menor asista ao centro. O/A responsable do centro comunicará por escrito ao Servizo correspondente da Delegación a data na que se produce dito ingreso.
- O programa instrumentase mediante a súa incorporación no clausulado dos contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto subscritos coas entidades colaboradoras e os dous convenios de colaboración subscritos coas Deputacións da Coruña e Pontevedra. Neles especifícanse o contido de a atención de día, o número de prazas e o custo delas.
- No caso das institucións propias establécese un número de prazas por institución. Ningún centro propio ou concertado fará uso das prazas de internado como A. de Día. Sempre estarán cubertas segundo as modalidades do contrato.
- O total de prazas de atención de día, tanto en institucións propias como colaboradoras, e a tipoloxía delas para o ano 2009 é o establecido no ANEXO IV

8. TRAMITACIÓN ECONÓMICA

- O programa de atención de día ten a mesma tramitación económica que o de atención residencial en réxime de internamento en institucións propias e colaboradoras, polo que se terá en conta o disposto en dita circular.
- As entidades que haxan concertado prazas de internado e A. de Día, confeccionarán unha soa nómina por centro, relacionando en primeiro lugar as xerais, especiais e os menores estranxeiros non acompañados e por último, os menores en A. de Día.
- Achéganse os seguintes ANEXOS:
 - Listado de centros que ofrecen Atención de Día.
 - Modelo de Proposta de actuación.



- Modelos de Nómina e Factura (formato excel depositado no Servizo de Defensa do Menor e nos Servizos de Menores das Delegacións).
- Non é posible tramitar unha ocupación superior á pactada no programa de atención de día, agás en situacións excepcionais e cando as circunstancias así o aconsellen, supostos nos que será preciso a autorización da Subdirección de Menores da petición de sobreocupación que terá que estar argumentada esta necesidade e que non hai praza noutros recursos, antes de proceder ao acollemento residencial de atención de día do menor.
- A nómina confeccionarase por orde alfabética do 1º apelido dos menores, para revisar pola ACM.

VIXENCIA

Esta circular entrará en vigor o día da súa sinatura e deixa sen efectos a anterior circular publicada co número 9 o día 13 de marzo de 2008.

A SECRETARIA XERAL DO BENESTAR

M^a JESÚS LAGO VILABOA





ANEXO I

PROPOSTA DE ACTUACIÓN

(PROGRAMA DE ACOLEAMENTO RESIDENCIAL EN RÉXIME DE DÍA)

1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DO NENO/A OU ADOLESCENTE

Nº DE EXPEDIENTE:	NOME:	APELIDOS:	
DATA NACEMENTO:	LUGAR DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
ENDEREZO:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
TELÉFONO:	SITUACIÓN LEGAL ACTUAL:		

2.- MOTIVO DA ACTUACIÓN

--

3.- VALORACIÓN DA PROBLEMÁTICA (Resumo do expediente do menor)

--

4.- XUSTIFICACIÓN DO RECURSO A APLICAR

--

5.- DURACIÓN DA MEDIDA

Data de inicio:		Data de finalización:	
-----------------	--	-----------------------	--

6.- PLAN DE CASO

--

-----a-----de-----do 200_

Asdo.: Polo Equipo do Menor

ANEXO II

MODELO DE NÓMINA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social

NÓMINA DE MENORES (ACOLLEMENTO RESIDENCIAL E ATENCIÓN DE DÍA)

Datos administrativos da entidade e centro		Nº exped. / lote:	
Entidade:		Nº prazas do contrato:	
Centro:		Xerais (XER)	
Tipoloxía:		Especiais (ESP)	
CIF/NIF:		Atención día (DIA)	
Concello:		Ano	
Provincia:		Mes	

Relación de estancias dos menores desta Comunidade Autónoma atendidos neste centro.

[illegible]

En SANTIAGO, ____ de ____ de ____

Importe total da nómina:

0,00 €

Conforme O/A XEFE/A DE SERVIZO	Vº O/A PROVINCIAL	e Prace DELEGADO/A	O/A CERTIFICA	DIRECTOR/A	Selo da entidade
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:			

NOTA: As Nóminas deberán recolle-las estancias dos menores ingresados durante o mes, así como as altas e as baixas que se produzan no mesmo. Si por causa xustificada se omitisen as estancias dalgún menor, a Entidade deberá presentar necesariamente unha Nómina complementaria do mes correspondente. Non se admitirá na Nómina dun mes ningunha variación relativa a outros meses. Tódolos apartados desta Nómina deberán ser cubertos sin omitir ningún dato. As prazas MENAS consideraranse prazas xerais, agás que no contrato se estipulase outra cousa.



MODELO DE FACTURA CENTROS COLABORADORES

Factura Centros colaboradores	Entidade:	
	Centro:	
	Tipoloxía:	
	CIF/NIF:	
	Concello:	
	Provincia:	
	Nº de contrato:	

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO
BENESTAR

Edificio Administrativo San Caetano.
15771 Santiago de Compostela
C.I.F.: S-1511001-H

Factura Nº:		Data de emisión:	
--------------------	--	-------------------------	--

Esta factura emítese polos servizos prestados no desenvolvemento do Contrato de Xestión de Servizos Públicos subscrito para o acollemento residencial de menores de protección, estando exenta do I.V.E. segundo o artº. 20. 8º. a) da Ley 37/1992, de 28 de decembro, del impuesto sobre el valor añadido.

NÓMINA MES	CONCEPTO	IMPORTE

IMPORTE TOTAL DA NÓMINA:

--

O pago **efectuarase** mediante transferencia bancaria á conta corrente seguinte:

Entidade Bancaria:	
---------------------------	--

Entidade	Oficina	D.C.	Nº de conta

Selo e sinatura



MODELO DE FACTURA DE CENTROS PROPIOS

Factura Centros Propios

Entidade:
Centro:
Tipoloxía: Centro Propio
CIF/NIF:
Concello:
Provincia:
Nº de contrato:

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO
BENESTAR

Edificio Administrativo San Caetano.
15771 Santiago de Compostela
C.I.F.: S-1511001-H

Factura Nº:

Data de emisión:

Esta factura emítese polos servizos prestados no desenvolvemento do Contrato de Xestión de Servizos Públicos subscrito para o acollemento residencial de menores de protección, estando exenta do I.V.E. segundo o artº. 20. 8º. a) da Ley 37/1992, de 28 de decembro, del impuesto sobre el valor añadido.

NÓMINA MES	CONCEPTO	IMPORTE
------------	----------	---------

IMPORTE TOTAL DA NÓMINA:

O pago efectúase mediante transferencia bancaria á conta corrente seguinte:

Entidade Bancaria:

Entidade	Oficina	D.C.	Nº de conta
----------	---------	------	-------------

Selo e sinatura



ANEXO III

PREZOS CENTROS COLABORADORES: ATENCIÓN DE DÍA 2009 (CON IPC G. 1,2%)

Prezos normais	Atención de día	Reserva
Casa de Familia	40.99 €	-----
Centro de A de Día	40.99 €	-----
Minirresidencia	40.99 €	-----
Residencia	40.99 €	-----
Centro con fogares	40.99 €	-----
Centro de Día		20,50 €

Prezos especiais	Atención de día	Reserva
Diputación de A Coruña		20.00 €

Nota: os prezos seleccionados nesta folia teñen unha validez so a efectos informativos e foron extraídos dos respectivos contratos (Convenios nos caso das Deputacións de A Coruña e Pontevedra) COAS ENTIDADES COLABORADORAS, polo que a confección das nóminas farase tomando como base os importes e condicións establecidos nos mesmos.

Nalgúns casos a aplicación do prezo co incremento do IPC farase transcorrido 1 ano dende a data de inicio da execución do contrato.

Entidades as que se lle aplicará o incremento do IPC galego (1,2%) en data distinta do 1 de xaneiro:

Centro de Día da R/ Aragón

Centro de Día da R/ Esperanto, 15

Centro de Día de Verín



ANEXO IV

CENTROS DE ATENCION DE DIA

	Entidade	Centro	Concello	DIA
A CORUÑA	HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE PAUL	MINIRESIDENCIA ESCUELA LA MILAGROSA	Sada	2
	A. OBRA SOCIAL NTRA SEÑORA DEL CARMEN	CASA DE FAMILIA N. SEÑORA DO CARME	Fisterra	3
	HERM. APOSTÓLICAS DE CRISTO CRUCIFICADO	RESIDENCIA MARIA INMACULADA	MAÑÓN	2
	HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE PAUL	CENTRO COLEGIO LA MILAGROSA	Carballo	18
	RR. TT. CAPUCHINOS AGARIMO	CENTRO FOGAR-AGARIMO	Arteixo	18
	RELIGIOSAS DE MARÍA INMACULADA	CENTRO FOGAR MARÍA INMACULADA	Miño	5
	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	CENTRO EMILIO ROMAY	A Coruña	10
	CRUZ VERMELLA DE GALICIA	CASA DE FAMILIA CRUZ VERMELLA	A Coruña	2
	DIGNIDAD-FERROL	CASA DE FAMILIA DIGNIDAD	Fene	6
	INICIATIVAS DE APOIO Á INFANCIA ARELA	CENTRO DE DÍA ARELA-DOUTOR TEIXEIRO	SANTIAGO	10
				76
LUGO	HERM. TERC. FRANC. DEL REBAÑO DE MARÍA	MINIRES.-FOGAR MADRE ENCARNACIÓN	Lugo	5
	ESCLAVAS DE LA INMACULADA NIÑA	CASA DE FAMILIA INMACULADA NIÑA	Viveiro	4
	PIÁ UNIÓN DE OBRERAS DE JESÚS	RESID. NIÑO JESUS DIVINA PROVIDENCIA	Monterroso	5
	PIÁ UNIÓN DE OBRERAS DE JESÚS	RESIDENCIA "CRISTO REY"	A Pobra de Brollón	1
	CONGR. HH. MERCEDARIAS DE LA CARIDAD	MINIRESIDENCIA DAS MERCEDARIAS	Chantada	5
	ASOCIACIÓN DIGNIDAD-LUGO	CENTRO DE DÍA DIGNIDAD 1-LUGO	Lugo	15
	HIJAS DEL DIVINO CELO	CENTRO DE DÍA SAN ANIBAL	Burela	20
				55
OURENSE	FUNDACIÓN BARATA OJEA-QUIROGA VILLARINO	CASA DE FAMILIA BAOQUIVI	Ourense	4
	ESCLAVAS DE LA SANTÍSIMA EUCARISTÍA	MINIRESIDENCIA-COLEGIO MADRE DE DIOS	Barbadás	4
	CARITAS DE OURENSE (XURDE)	CENTRO DE DÍA (XURDE)	Ourense	12
	INICIATIVAS DE APOIO Á INFANCIA ARELA	CASA FAMILIA BARCO DE VALDEORRAS	Barco de	2
	CRUZ VERMELLA DE GALICIA	CENTRO DE DÍA DE VERÍN	Verín	10
				32
PONTEVEDRA	ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE	CASA DE FAMILIA BERCE 2	Vigo	2
	ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE	CASA DE FAMILIA BERCE 1	Vigo	2
	RELIGIOSAS CARMELITAS DE LA CARIDAD	CASA FAMILIA STA. JOAQUINA DE VEDRUNA	Vigo	2
	ADIGNA, SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA	CASA DE FAMILIA ABRENTE	Sanxenxo	3
	PATR. CASA DE CARIDAD HOGAR SAN JOSÉ	CENTRO FOGAR SAN JOSÉ	Vigo	16
	CONGREGACIÓN DE HERMANAS TRINITARIAS	CENTRO FOGAR DAS TRINITARIAS	Vigo	8
	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA	ALDEAS INFANTILES S.O.S REDONDELA	Redondela	15
	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE	Pontevedra	25
	CÁRITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO	CENTRO DE DÍA CÁRITAS DIOCESANA	Vigo	16
	ASOCIACIÓN DE MENSAJEROS DE LA PAZ GALICIA	CASA DE FAMILIA BOLIVIA	Vigo	0
	HIJAS DE MARIA AUXILIADORA	CASA DE FAMILIA LAURA VICUÑA	Caldas de Reis	5
	ASOCIACIÓN MALUMA	CASA DE FAMILIA MALUMA	O Grove	4
	ASOCIACIÓN DE MENSAJEROS DE LA PAZ GALICIA	CENTRO DE DÍA NICARAGUA 1º A	Vigo	15
	ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	CENTRO DE DÍA EN RÚA ARAGÓN	Vigo	25
	ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	CENTRO DE DÍA EN ESPERANTO 15	Vigo	15
				153
CENTROS PROPIOS	XUNTA DE GALICIA	CENTROS SAN JOSE DE CALASANZ	A CORUÑA	10
	XUNTA DE GALICIA	CENTRO VIRXE DO CARME	FERROL	10
	XUNTA DE GALICIA	CENTRO OLLOS GRANDES	LUGO	10
	XUNTA DE GALICIA	CENTRO A CARBALLEIRA	OURENSE	20
	N.S. CARIDAD DEL BUEN PASTOR	CENTRO O SEIXO	VIGO	8
				58